

PREMIO GOURMAND PARA A “GUÍA SECRETA DA GASTRONOMÍA DE LUGO”, DE MIGUEL VILA

- O máis recente libro de Miguel Vila, publicado por Alvarellos Editora, foi recoñecido como “Mellor guía de viaxe gastronómica”.

A axencia internacional “Gourmand”, que premia os mellores libros gastronómicos do mundo en cada idioma, deu a coñecer hoxe a súa primeira selección de elixidos. A obra *Guía secreta da gastronomía de Galicia: Lugo* de Miguel Vila Pernas, publicada o pasado mes de agosto por Alvarellos Editora na súa colección “A lume lento”, foi recoñecida, como “Mellor guía de viaxe gastronómica” e competirá agora na fase final do concurso onde se medirá cos gañadores da mesma categoría doutros países e linguas. A final terá lugar no teatro Les Folies Bergère de París entre os días 7 e 11 de marzo de 2012.



Miguel Vila Pernas (La Habana, 1958) é un experto gastrónomo, xornalista e escritor, autor de sete libros de materia culinaria e acreedor de numerosos recoñecementos neste eido. Na *Guía secreta da gastronomía de Galicia: Lugo* Vila Pernas revélanos os tesouros culnarios da provincia máis extensa de Galicia: produtos, receitas, costumes máis xenuínos e lugares onde atopar toda unha identidade gastronómica, tantas veces descoñecida por propios e foráneos.

Esta obra é o segundo volume dunha colección de catro, un por provincia, que comezou en 2010 co tomo dedicado a Ourense elaborado polo chef Martín Álvarez e que xa recibira o pasado ano o Premio Gourmand á “Mellor viaxe gastronómica” dese ano, ademais de ser finalista dos Premios da Edición de Galicia 2010).

A guía de Miguel Vila detense nalgúns dos mellores pans do país (Ousá, Mondoñedo, Martiñán...), en queixos de tres denominacións de orixe (San Simón, Arzúa-Ulloa e O Cebreiro) con outros menos populares e igual de xenuínos. Descúbrenos así mesmo como medir a gradación no picante dos pementos de Mougán ou fálanos de variantes antigas de patacas que aínda se sementan como a *cazona* ou a *habanera*.



O autor viaxa polas peculiares receitas luguesas como as *sardiñas arenques*, o pato ao estilo Ribadeo, o bonito en rolo, os chanfainos ou chouláns, e recolle todo o universo da matanza.

Remata, como non, coas sobremesas e sona, (como as tortas de Mondoñedo, Portomarín ou Guitiriz) e outros menos coñecidos como a colineta, cos renacentes viños do sur (da Ribeira Sacra) e as augardentes (Portomarín ou Quiroga).

Seis amantes da boa cociña completan este brillante traballo de Miguel Vila: o cociñeiro **Iago Castrillón**, os xornalistas **Manuel Gago** e **Santiago Jaureguizar**, o escritor **Xabier P. DoCampo**, a presidenta da Asociación de Sumilleres, **Mercedes González**, e a escritora **Helena Villar Janeiro**. Cada un deles revélanos un secreto gastronómico lugués moi suculento.

O AUTOR

MIGUEL VILA PERNAS naceu na Habana en 1958, fillo de galegos emigrantes, e reside en Galicia dende 1961. Estudou xornalismo na Universidade Complutense de Madrid e nos últimos anos desenvolve un traballo periodístico de investigación e divulgación da cociña e gastronomía galegas a través dos medios de comunicación —entre eles destaca o *blog* gastronómico www.colineta.com, que o autor puxo en marcha en 2005— e coas súas publicacións escritas. Numerosos e prestixiosos premios acreditan a súa brillante traxectoria. É autor de sete libros de materia culinaria: *A cociña de Entroido e San Xoán* (2006), Premio Gourmand; *A cociña do Merlín* (2005), Premio Álvaro Cunqueiro; *Caldeirada para dous (mortos)* (2003), Premio Álvaro Cunqueiro; *Dicionario galego de gastronomía* (1999), *Guía Gastronómica de Santiago* (2008) e o conto infantil *Hora de comer* (2007). Así mesmo, obtivo o Premio Alimentos de España do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, na modalidade de mellor labor informativa continuada relacionada cos “Alimentos de España”, polos artigos publicados no diario *El Progreso* ao longo do ano 2005.

FICHA TÉCNICA

Título: *Guía secreta da gastronomía de Galicia: Lugo*

Páxinas: 152

PVP: 16 €

Medidas: 18x18 cm

Idioma: galego

Data de publicación 1ª edición: agosto 2011

ISBN: 978-84-89323-69-8

Encadernación: tapa branda plastificada con lapelas

Colección: “A lume lento”

- Para contactar co autor: info@colineta.com, 650 697 491
- + info na web: alvarelos.info